

No IES Alexandre Bóveda vimos traballando dende hai anos no fomento da lectura dende a biblioteca. A nosa intención, dende un principio, foi atraer e facer partícipes das nosas actividades a aqueles sectores do alumnado que tiñan na lectura unha das súas principais afeccións. Tratábase de que cobrasen un protagonismo que non tiñan na vida cultural do centro e que pasasen a ser o foco de atracción para un sector máis amplo do alumnado.

O noso primeiro paso foi a creación dunha actividade de lectura voluntaria e atractiva para aqueles que adoitaban ler últimas novidades de literatura xuvenil. Esa actividade foi “O libro do mes”, onde faciamos unha proposta de lectura, próxima ao canon dos lectores, para, pasado un tempo, facer un concurso de preguntas e respostas sobre o libro. As propostas de lectura foron cambiando en función dos gustos do alumnado participante que, ao pouco tempo, xa comezou a facer as súas propias recomendacións e tamén a pedir que se lles recomendasen libros. Case sen darnos conta naceu o club de lectura.

Dende que se constituíu, o club participa de maneira activa na dinamización das actividades de fomento da lectura entre o resto do alumnado: ademais de celebrar as habituais sesións ao redor dun libro, os rapaces e as rapazas do club colaboran nas actividades paralelas para a promoción do libro do mes, realizan lecturas públicas polas aulas, participan en recitais con autores, difunden a súa actividade a través dun blog... E, sobre todo, conseguiron animar ao resto dos seus compañeiros a participaren.

En efecto, esta implicación coa lectura dun grupo cohesionado, comprometido e visible, foi creando un clima atractivo que foi sumando cada vez máis alumnado.

Así, actualmente temos 50 mozos e mozas que participan en tres clubs de lectura. E para eles organizamos, cara ao final de curso, unhas rutas literarias concibidas en principio como un premio, pero tamén como unha maneira de distinguilos, de facelos visibles como lectores e lectoras.

Non obstante, nestas viaxes turístico-literarias non esquecemos a formación e a competencia lectora: buscamos poñelos en contacto coa nosa cultura achegando a obra dos autores aos lugares que formaron parte da súa vida e que os inspiraron. Porque é ben certo que todos nós pertencemos a un determinado lugar, pero no caso de moitos escritores a súa vida e os seus lugares configuran de xeito excepcional a creación literaria.

Por iso non se trata só dunha excursión: previamente traballamos con eles as obras e seleccionamos textos que rapaces e rapazas len en voz alta nos lugares que visitamos (porque consideramos, e de momento vénsenos demostrando na maioría dos casos, que estes nenos e nenas se ven imbuídos da emoción do lugar). Esta interacción entre a lectura e os espazos físicos vívese no mesmo clima de cordialidade e amizade do que gozamos nas nosas sesións na biblioteca, cun grupo que, aínda sendo diverxente, ten intereses próximos e acepta e implícase coa lectura e coa nosa cultura.

O recente Premio Nobel de Literatura, Mario Vargas Llosa, dicía, citando a Flaubert, que para el a literatura era a súa maneira de vivir. Que esta lle dera o mellor que tiña: os amigos, as experiencias... o mellor que lle pasara. Non sei se será tanto para os nosos rapaces. Pero si podemos afirmar que o achegamento á lectura os fixo máis solidarios, máis inquietos, máis curiosos, máis críticos. E máis amigos.